


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

12-13 de agosto do 2023

XIX ORDINARIO A



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Unha xuntanza de amor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para vivir un pequeno momento de oración na compañía de Xesús e facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Moitas veces impresiñámonos as cousas para as que non atopamos explicación, como lle pasa a Pedro ao ver a Xesús camiñar sobre o mar, e deixamos de lado as cousas máis importantes para nós que son as cousas pequenas de cada día, como Xesús que facía oración retirándose só a un lugar apartado.

A lectura e o Evanxeo de hoxe queren mostrarnos a importancia que ten, no medio do estrés diario e as ocupacións sociais, a importancia deses momentos de tranquilidade e sosego da man do Pai para dialogar con El e tratar de entender a nosa vida neste momento, e poñer as cousas no seu lugar.

Da man de Xesús celebrémolo agora.

2

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Temos que recoñecer que vivimos con demasiadas presas, sen tempo para Deus, nin para nós, nin para os demais; que nos deixamos levar polo estrés da vida e que nos custa pararnos, nin para pensar nin para rezar temos tempo, por iso agora queremos pedir perdón e sosego:*

Monitor/a

➤ Polas moitas veces que as presas da vida fannos esquecer a importancia da oración pousada e serea

SEÑOR, SOSEGA O NOSO CORAZÓN

➤ Polas veces nas que seguimos crendo que son as cousas grandes as que nos achegan a Ti, cando en realidade son os pequeniños momentos e a sinxeleza da vida de cada día

CRISTO, SOSEGA O NOSO CORAZÓN

➤ Porque moitas veces fáltanos unha fe que encha a nosa vida de esperanza e de confianza para sermos capaces de sobrepoñernos ás dificultades da vida sen afundirnos

SEÑOR, SOSEGA O NOSO CORAZÓN

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos, o Señor nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración confiando nas mans de Deus Pai a nosa oración e pedimos que sempre nos sintamos fillos seus e saibamos falar con El.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus todopoderoso e eterno, o teu fillo Xesús dános a confianza de te chamarmos “Nosso Pai”.

Fai medrar nos nosos corazóns o teu espírito de fillos adoptivos, para que poidamos acadar a herdanza que nos prometiches.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, noso Señor. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *As dificultades que ten vivir fai que todos esteamos preocupados e con incertezas. Hoxe por hoxe poucas cousas son firmes.*

Fáltanos seguridade no presente e sobre todo cara ao futuro. E moitas veces ata perdemos a esperanza.

Que atopemos acougo e paz no trato confiado da oración de cada día.

LECTURA DO PRIMEIRO LIBRO DOS REIS

Daquela, chegando Elías ao monte de Deus Horeb, meteuse nunha cova e pasou nela a noite. Chegoulle a palabra do Señor e díxolle:

- "Sae de aí e fica de pé no monte, diante do Señor. Porque o Señor vai pasar".

Nisto veu un rexo furacán, que fendía os montes e cuarteaba os penedos diante do Señor. Mais non estaba o Señor no furacán.

Despois do furacán houbo un tremor de terra; mais tampouco no tremor de terra estaba o Señor.

Despois do tremor de terra veu un gran lume; mais non estaba no lume o Señor.

Despois do lume oíuse o murmurio dunha airexadiña suave. En canto Elías o sentiu, tapou a cara co manto, saíu fóra e ficou en pé, na entrada da cova.

Palabra do Señor

🎵 *O pouco que Deus nos dá* SALMO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela, Xesús mandou aos seus discípulos que embarcasen e que fosen diante para a outra banda, mentres el despedía a xente. Despois de despedila, subiu ao monte para orar el só, e alí colleuno a anoitecida.

E, xa a moitos metros no medio do mar, as ondas batían na barca, pois levaban o vento en contra. Ao riscar o día, Xesús foi cara a eles, camiñando polo mar. E, os discípulos, véndoo camiñar polo mar, asustáronse dicindo: "é unha pantasma", e, cheos de medo, empezaron a berrar.

De seguida faloulles Xesús dicindo:

- Tranquilos, non teñades medo, que son eu.

Respondeulle Pedro:

- Señor, se es ti, mándame que vaia onda ti, camiñando pola auga.

El díxolle:

- Ven.

Baixou Pedro da barca, e púxose a camiñar pola auga, dirixíndose a Xesús. Pero, ao sentir o vento forte, colleu medo, empezou a afundirse e púxose a berrar:

-¡Señor, sálvame!

Axiña Xesús, dándolle a man, agarrouno e díxolle:

- Home de pouca fe, por que dubidas?.

E ao subiren eles á barca, calmouse o vento. Os que estaban na barca prostráronse ante el dicindo:

- Realmente ti es Fillo de Deus.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, deixádonos guiar por Xesús na nosa oración e sabendo que Deus está aquí connosco, proclamamos a fe que nos une en comunidade de irmáns:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus, no Deus que nos creou á súa imaxe e que nos ama e nos acolle no sosego do seu corazón de Pai e Nai?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús, que quixo compartir a nosa vida, que o fixo sentíndose irmán con todos, e que con palabras e feitos nos convida a descubrir a Deus nos pequenos acontecementos de cada día?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito Santo, que nos alenta a atopar ao Señor na calma do día a día, e dende logo na nosa responsabilidade persoal ante a paz?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na igrexa, comunidade que non só descubre a Deus nos grandes momentos da vida, senón tamén nas pequeniñas cousas de cada familia?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos pola fe, seguindo o exemplo de Xesús, hoxe queremos rezar polas persoas que o necesitan máis ca nós, e facémolo dicindo:*

Señor, escoita ao teu pobo

Monitor/a:

- ✓ Polas persoas tratadas inxustamente, e que viven esquecidas polos demais, oremos
- ✓ Polas persoas que non teñen un fogar, polas que se sinten perdidas, oremos
- ✓ Polas persoas que non teñen liberdade, polas que viven escravizadas, oremos
- ✓ Polas persoas que non teñen terra, e que se ven obrigadas a fuxir da súa na procura de refuxio, oremos
- ✓ Polas persoas que non teñen nin calma nin paciencia, polas que viven con presas e agonías, oremos
- ✓ Polos homes e mulleres que afogan no Mediterráneo porque non atopan unha man que os erga, oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe coa nosa oración comprometémonos a dar unha man para facer crible o evanxeo de Xesús, noso Señor que vive e reina por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *A Deus descubrímolo no silencio, na tranquilidade e no sosego. Así rezamos agora unha das oracións que facía Xesús e que nos ensinou:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Un dos froitos da oración compartida é atopar paz no corazón propio e no dos que nos acompañan. Que todos nós sintamos esa paz na vida en comunidade, no camiñar do día a día, comprometéndonos a sementala entre nós e con todos. Fagámolo agora compartindo un xesto de paz.*

COMUÑÓN

Celebrante: *Compartir a mesa de Xesús cos irmáns é a mellor oración e nela atopamos o sosego necesario para a vida de cada día.*

Ditosos nós que temos en Xesús a man que nos ergue e a mesa na que estamos convidados porque esta é a mesa do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **Achate presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, que a participación nesta celebración nos alente para camiñar na vida de cada día facendo realidade o evanxeo e nos manteña coherentes na luz da túa verdade.

Pedímoscho por Xesucristo, o teu fillo benquerido, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén

Recordamos o encontro do día 15 de agosto. No merendeiro de San Antonio, en Verducido, no mesmo lugar do ano pasado, reunímonos o día 15 as dez parroquias para celebrar a eucaristía ás 12'30 e deseguido compartirmos o xantar que cada quen leve.

É a nosa XIII FESTA DE OS COTOS.

Con Xesús queremos dar grazas pola vida sinxela das persoas que día a día nos amosan paz e sosego nestas terras de Os Cotos.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

Podémonos ir en paz



“Baixou Pedro da barca, e púxose a camiñar pola auga, dirixíndose a Xesús. Pero, ao sentir o vento forte, colleu medo, empezou a afundirse e púxose a berrar: - ¡Señor, sálvame!”

Palabras do evanxeo de hoxe.